

ACTA DA REUNIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS Ó PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DE TRABALLADOR OU TRABALLADORA SOCIAL.

Sendo as 10:30 horas do 18 de novembro de 2022, reúnense na casa do Concello de San Sadurniño os membros do tribunal, para a resolución das alegacións presentadas ó primeiro exercicio.

Están presentes:

Presidente: Rubén González Rodríguez

Secretaria suplente: Mónica Cebreiro Caneiro

Vogais: Ignacio Crespo López

Yolanda Martínez García

Previa a comprobación do quórum mínimo esixido legalmente, o Sr. Presidente declara constituída a sesión.

O obxecto da presente reunión é a resolución da seguinte alegación presentada durante o prazo legalmente previsto:

1.- Con data 04.11.2022 (R.E. 2022-E-RE-680) D.^a Lorena Bouza Piñón, con NIF ***173**B, presentou alegación en relación á pregunta número 5 do primeiro exercicio para a provisión dunha praza de persoal funcionario de carreira de traballador ou traballadora social do Concello de San Sadurniño.

Na súa alegación solicita anulación da pregunta número 5 dicindo literalmente o seguinte:

"A anulación da pregunta 5 onde o tribunal da por válida a resposta D, sendo en tal caso a resposta correcta a A, polo que expoño a continuación: se imos á literalidade da lei 10/2013 do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia no capítulo III que fala do tramo persoal e familiar da renta de inclusión social de Galicia e máis concretamente no artigo 21 que desglosa o contido económico do tramo. É o apartado 1 que di que "A contía do ingreso mínimo do tramo persoal e familiar da renta de inclusión social de Galicia será equivalente ao 75% do importe mensual do indicador público de rente de efectos múltiples, fixado na lexislación específica que resulte aplicable". Polo que se imos á literalidade da lei a resposta válida sería a A (o 75% do IPREM) xa que tanto o número de convivintes como o alugueiro van asociados a un complemento do tramo. Así pois solicito se teña a ben admitir esta solicitude a trámite para a anulación da pregunta 5 e rectificación da plantilla de respostas."

CONSIDERACIÓNS SOBRE A CUESTIÓN:

- Alegación á pregunta nº 5: en relación á alegación, no artigo ó que fai referencia na reclamación citando o artigo efectivamente di de forma explícita "A contía do ingreso mínimo do tramo persoal e familiar da RISGA será o equivalente ao 75% do IPREM" Despois, a esta contía, se lle van sumando outras porcentaxes do IPREM en función do número de persoas da unidade de convivencia.

Polo tanto a resposta correcta é a D) Depende do número de persoas da unidade de convivencia.

Na pregunta non se fai referencia á contía mínima senón ao contido económico do tramo persoal e familiar, o cal pode ser un para unha sola persoa (nese caso si que sería o importe mínimo, o 75% do IPREM) ou para máis (ao que se irían incrementando os outros porcentaxes e incrementando esa contía).

Distinto sería se se preguntara pola contía mínima do tramo ou cal sería a contía nunha unidade de convivencia dunha soa persoa.

Como consecuencia, o tribunal acorda desestimar a alegación á pregunta nº5 considerando que a resposta correcta é a “D”.

E non sendo outro o obxecto da presente sesión, levántase a sesión ás 11:15 horas, do que eu secretaria dou fe.

O presidente do tribunal,

A secretaria suplente do tribunal,

Rubén González Rodríguez

Mónica Cibreiro Caneiro